

Concello de Covelo

Expediente: 1171/2025

Procedemento: Subvencións por concorrancia competitiva.

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS Ó APOIO Á NATALIDADE NO CONCELLO DE COVELO 2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A familia está amparada pola Constitución Española que, no seu artigo 39, asegura a protección social, económica e xurídica da mesma. Así mesmo, o artigo 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, prevé a delegación da competencia para a prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades.

O descenso do índice de natalidade é un feito xeneralizado en Galicia e moito máis no rural.

O Concello de Covelo non é alleo a este problema e a necesidade de solucións, xa que, son as persoas o principal valor dunha comunidade e as familias o alicerce no que se asenta a nosa sociedade.

Debido ó citado, decidiuse establecer esta medida de fomento encamiñada a reactivar a natalidade. Unha medida de apoio que atopa o seu fundamento na lóxica necesidade de que, sendo a natalidade un beneficio para todas as persoas, é lexítimo axudar ás nais e pais a soportar as indubidables cargas materiais que se ocasionan sobre todo nos primeiros meses de vida dunha nena ou dun neno. Trátase así de remover os obstáculos que entorpecen a propia vontade das parellas de elixir a dimensión da súa familia, de conseguir que a decisión de ter ou adoptar unha filla ou fillo dependa unicamente das conviccións ou desexos persoais, non de causas alleas ás mesmas.

Co obxectivo último de fomentar a natalidade e co inmediato de dar unha axuda ás familias de Covelo, na medida dos recursos dos que dispón este Concello, preténdese axudar ás familias que teñan fillas e fillos por nacemento ou adopción mediante a posta en marcha da presente convocatoria.

Ó mesmo tempo preténdese fixar a poboación no concello evitando así o despoboamento que ven sufrindo.

Por todo isto, convócase a concesión de axudas municipais de fomento da natalidade, no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2025, a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Covelo e a demais normativa de aplicación.



Concello de Covelo

1.OBXECTO.

É obxecto das presentes bases regular a convocatoria pública por parte do Concello de Covelo, para a tramitación e concesión de subvencións destinadas ó fomento da natalidade no Concello de Covelo no ano 2025. Polo tanto, o obxecto das presentes bases é a concesión de axudas a familias, mediante procedemento ordinario en réxime de concorrència competitiva, para sufragar parcialmente os custos derivados do nacemento e/ou adopción das nenas e dos nenos empadroados no Concello de Covelo. _

2. REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.

Serán persoas beneficiarias destas axudas as nais ou pais que teñan ou adopten unha filla ou fillo e cumpran os seguintes requisitos:

1. Unha das persoas proxenitora, **deberá estar empadroadada no Concello de Covelo** cunha antelación mínima á data do parto ou adopción de 9 meses. Esta situación comprobarase de oficio dos datos obrantes no padrón de habitantes municipal.

As nenas ou nenos nacidos, ou adoptados, deberán inscribirse no padrón de habitantes do Concello de Covelo.

2. A persoa proxenitora empadroadada e as fillas e/ ou fillos deberán comprometeranse a seguir empadroados no concello, tanto elas como as súas fillas ou fillos, por un período de 2 anos dende o nacemento ou adopción.

3. O **empadramento suporá a residencia efectiva**, polo que tanto as persoas beneficiarias como as súas fillas e fillos, deberán vivir habitualmente en calquera das parroquias do concello de Covelo. Esta circunstancia poderá ser comprobada en calquera momento polo Concello solicitando os informes que procedan.

4. Que a renda da unidade familiar, sumada a base imponible xeral e a base imponible do aforro, da declaración do IRPF do ano 2024 non supere os 45.000,00 €. No suposto de que esta contía fora superior, a renda per cápita, entendida como a suma das bases impositibles xerais e do aforro dividida polo número de membros da unidade familiar, non deberá superar os 13.500,00 €.

RENDA PER CÁPITA FAMILIAR: calcúlase dividindo a renda da unidade familiar entre o número de persoas computables.

Son persoas computables da familia:

- Nais, pais ou titoras ou titores legais, fillas e fillos menores de idade, fillas e fillos maiores de idade con discapacidade e fillas solteiras e fillos solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.

- No caso de divorcio ou separación legal da nai e o pai non se considerará persoa computable



Concello de Covelo

aquela que non conviva co fillo/a, **agás nos casos de custodia compartida**. Será persoa computable, en caso de que o haxa, o novo cónxuxe ou parella.

- Computarán por dous as persoas da unidade familiar (pai, nai, filla ou fillo e irmáns) cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, ou que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos total, absoluta ou grande invalidez.

CÁLCULO DA RENDA FAMILIAR: calcularase segundo o procedemento especificado na Base 2.4.

No caso de non presentar declaración presentarase un certificado de imputacións de todas as persoas computables da unidade familiar.

5. Estar ao corrente por todos os conceptos nas obrigas tributarias co Concello de Covelo.
6. Atoparse ao corrente no cumprimento das demais obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
7. Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Covelo no exercicio anterior, ou ter desistido de forma motivada e por escrito.
8. Someterse ás actividades de control realizadas por parte do Concello para comprobar a veracidade dos actos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda e colaborar co Concello en ditas actuacións.
9. Comunicar ante o Concello calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda.
10. Non estar incursos nalgunhas das circunstancias que recolle o artigo 10 da Lei 9/07, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

3. CONTÍAS DAS AXUDAS.

As axudas serán como máximo de **500,00 € por cada filla ou fillo nado ou adoptado** entre o 30 de novembro de 2024 e o 30 de novembro de 2025. No caso de que as solicitudes aceptadas superen as previsións, e se exceda o crédito destinado a esta subvención, o crédito total previsto ratearase entre as solicitudes admitidas.

4. DISPOÑIBILIDADE ORZAMENTARIA.

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 231.48 do orzamento municipal para o ano 2025, ata un total de 4.000,00 € para o exercicio.

5. FORMA E PRAZO DE SOLICITUDES DE AXUDA.

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, cubertas no modelo



Concello de Covelo

normalizado habilitado para tal fin (ANEXO I) presentaranse no Rexistro de Servizos Sociais do Concello de Covelo, ou por calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes deberán ir acompañadas, inescusablemente da seguinte **documentación**:

1. Partida de nacemento e do DNI da persoa solicitante.
2. Auto xudicial de adopción, no seu caso.
3. Acreditación de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social (ANEXO III).
4. Compromiso de seguir empadroadas no Concello de Covelo por un período mínimo de dous anos (ANEXO II). Autorización á comprobación dos datos da unidade familiar no padrón.
5. Compromiso de proceder á devolución da axuda no caso de deixar de cumprir algún dos requisitos necesarios para ser persoa beneficiaria da mesma, ou ben cando sexa probado por parte do Concello que non se cumpre algún dos mencionados requisitos (ANEXO II).
6. Certificado bancario da conta onde se pretenda recibir o importe da axuda no que consten os datos da persoa que percibe a axuda.
7. Copia da declaración do imposto da renda das persoas físicas ou certificado de imputacións da axencia tributaria do ano 2024 da persoa solicitante, da proxenitora ou proxenitor que non apareza como solicitante, irmás ou irmáns ata 26 anos (salvo que tivese algunha discapacidade), que convivan na unidade familiar.
8. Calquera outra que se estime conveniente a instrución do procedemento. No caso de que algúns documentos requiridos non poidan presentarse por impedimento legal ou administrativo, substituirase por unha declaración de compromiso/xurada.
9. Documento ou documentos acreditativos do número de membros da unidade familiar, tales como:
 - Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do causante.
 - Certificado ou volante de convivencia.
 - Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do Concello de Covelo que acredite a situación familiar. A documentación que se achegue deberá ter validez no momento da presentación da solicitude.



Concello de Covelo

PRAZO.

O prazo de presentación de solicitudes comezará dende o día seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, segundo a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (artigo 18 e 20.8 en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións) ou ó seguinte ó que se produciu o nacemento ou adopción e finalizará o venres 5 de decembro de 2025.

EMENDA DE SOLICITUDES.

De acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para aquelas solicitudes que non estean correctamente cubertas ou non acheguen os documentos preceptivos, o Concello requirirá á persoa interesada para que, nun prazo de dez días, emende as faltas ou remita os documentos preceptivos. De non facelo, considerarase que desistiu da súa petición e archivarase o expediente nos termos previstos na citada lei.

6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

O órgano correspondente concederá as axudas e subvencións a todas as persoas solicitantes (con límite na dispoñibilidade orzamentaria) que cumpran os requisitos, tendo en conta a contía establecida na base 3.

7. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN.

O procedemento será instruído pola Educadora Social deste Concello integrante do departamento de Servizos Sociais, ou na súa ausencia o empregado público que a Alcaldía propuxera, que realizarán de oficio cantas actuacións estimen necesarias para o coñecemento e comprobación dos datos así coma os requirimentos de corrección de deficiencias da documentación.

Recibidas as solicitudes procederase á súa tramitación. Comprobado que as persoas solicitantes cumpren os requisitos esixidos nestas bases e que se achega a documentación requirida.

Avaliadas as solicitudes, segundo os criterios regulados na base 6, os expedientes serán elevados á Comisión de Valoración, que estará constituída por:

- Presidente: O Alcalde do Concello de Covelo.
- Vogal: Persoa funcionaria traballadora municipal experimentada na tramitación e xestión de expedientes administrativos, o cal realizará as funcións de secretaría.
- Vogal: A Concelleira de Cultura, Turismo e Emprego.
- Vogal: A Educadora social.
- Vogal: O Secretario-Interventor Municipal ou persoa que lle substitúa.
- Vogal: Concelleira do bloque municipal BNG.
- Vogal: Concelleiro do bloque municipal PSdeG-PSOE.



Concello de Covelo

Todas e cada unha das persoas que forman esta Comisión poderán ser substituídas polas persoas nas que delegue cada unha delas. A Comisión de Valoración examinará cada unha das solicitudes presentadas, e aplicará os criterios de outorgamento aprobados nas presentes bases, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas e formular a correspondente proposta de adxudicación a prol daquelas que obtiveron maior valoración. A proposta de adxudicación deberá expresar a relación de persoas solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, a súa contía individual, e as denegadas co seu motivo. O órgano municipal competente para a concesión das subvencións é a Xunta de Goberno Local, que analizará a proposta da comisión de subvencións e resolverá xustificadamente. O acordo de concesión non terá obrigatoriamente que distribuír a totalidade do crédito.

8. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

1. Permanecer empadroadas no Concello de Covelo por un período de dous anos posteriores á concesión desta axuda. O empadroamento suporá a residencia efectiva, polo que tanto unha persoa beneficiaria como as súas fillas e fillos, deberán vivir habitualmente en calquera das parroquias do Concello de Covelo. Esta circunstancia poderá ser comprobada en calquera momento polo Concello solicitando os informes que procedan.
2. Cumprir con calquera outra obriga disposta no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
3. Seguir as directrices que marcan as bases da convocatoria e destinar o importe da axuda na súa integridade á finalidade para a que foi outorgada a axuda.
4. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
5. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, segundo se establece no artigo 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

O Concello de Covelo poderá en calquera momento do procedemento do expediente administrativo da subvención solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada. O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento da subvención ou co seu reintegro.

9. NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA RESOLUCIÓN.

O prazo máximo para resolver e notificar o procedemento será de seis meses contados a partir do día seguinte ao de finalización do prazo para presentación de solicitudes. As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes, por silencio administrativo, se transcorrido o devandito prazo non se ditou e notificou resolución expresa. A notificación do acordo realizarase de conformidade co previsto nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra



Concello de Covelo

o acordo de resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes dende o día seguinte ó da súa notificación de acordo co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, conforme ós artigos 8.1 y 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este se resolverá e notificará no prazo dun mes segundo establece o artigo 124.2 da citada Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de seis meses contados dende o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de acordo co artigo 46.1 e 4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

A publicación destas bases realizarase na BDNS, no Taboleiro de Anuncios do Concello de Covelo da sede electrónica: <https://covelosedelectronica.es>, e no BOPPO.

As axudas que se concedan a través deste programa unha vez resoltas, publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello de Covelo da sede electrónica: <https://covelosedelectronica.es> con expresión do DNI (ordenado numericamente) do solicitante e a resolución recaída (concedida-denegada).

10. REINTEGRO.

1. Procederá o reintegro, total ou parcial, da axuda percibida, xunto cos xuros de demora, nos casos indicados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. No caso de xustificación ou incumprimento parcial só se esixirá o reintegro pola parte non xustificada. No caso de que o reintegro esíxase porque se percibiron outras subvencións que, en conxunto, superen o custo da actividade obxecto de concesión, procederá o reintegro só do exceso obtido.

3. Os xuros de demora esixirase desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde o reintegro da mesma. Os xuros de demora aplicable será o interese legal do diñeiro, vixente no momento do pago da subvención, incrementado nun 25 por cento, salvo que a Lei de Orzamentos do Estado de cada ano estableza outro diferente.

4. Están obrigados ao reintegro:

- a) As persoas solicitantes das subvencións.
- b) As persoas xurídicas ou agrupacións de persoas físicas sen personalidade xurídica, que responderán solidariamente as obrigacións de reintegro.
- c) As representantes legais da persoa beneficiaria responderán solidariamente cando este careza de capacidade de obrar.



Concello de Covelo

Ademais responderán subsidiariamente as persoas sinaladas no artigo 40.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

11. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS.

A obtención dunha subvención outorgada polo Concello de Covelo, é compatible con calquera outra subvención, axuda ou ingreso obtido para a mesma finalidade.

12. INTERPRETACIÓN.

Calquera dúbida que puidera xurdir en torno á interpretación destas bases será resolta pola Xunta de Goberno Local.

13. DISPOSICIÓN FINAL.

En todo o non previsto nestas bases, aplicarase o disposto nas Bases de execución do orzamento xeral do concello de Covelo para o exercicio 2025, e nas normas legais e regulamentarias de aplicación, Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Covelo aprobada polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada o día 1 de xuño de 2016 e demais normativa de réxime local aplicable.

Covelo, a data que figura na marxe
Asdo. O Alcalde- Presidente
Juan Pablo Castillo Amigo



Concello de Covelo

ANEXO I. SOLICITUDE

AXUDAS PARA APOIO Á NATALIDADE 2025

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE	
Nome e apelidos	
DNI	
Enderezo	
Teléfono	
Correo electrónico	
DATOS DO CÓNXUXE OU PARELLA (se é o caso)	
Nome e apelidos	
DNI	
Teléfono	
DATOS DA FILLA/O	
Nome e apelidos	
Data de nacemento ou adopción	
DATOS BANCARIOS SOLICITANTE	
Caixa ou banco	
IBAN (nº conta)	
Titular da conta	
DNI titular da conta	
DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:	
1. Partida de nacemento e do DNI da persoa solicitante.	
2. Auto xudicial de adopción, no seu caso.	
3. Acreditación de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social (ANEXO III).	
4. Compromiso de seguir empadroadas no concello de Covelo por un período mínimo de dous anos (ANEXO II). Autorización á comprobación dos datos da unidade familiar no padrón.	
5. Compromiso de proceder á devolución da axuda no caso de deixar de cumprir algún dos requisitos necesarios para ser persoa beneficiaria da mesma, ou ben cando sexa probado por parte do concello que non se cumpre algún dos mencionados requisitos (ANEXO II).	
6. Certificado conta bancaria, IBAN, onde se pretenda recibir o importe da axuda no que consten os datos da persoa que percibe a axuda.	



Concello de Covelo

7. Copia da declaración do imposto da renda das persoas físicas do ano 2024 da persoa solicitante, da proxenitora ou proxenitor que non apareza como solicitante, irmás ou irmáns ata 26 anos (salvo que tivese algunha discapacidade), que convivan na unidade familiar.

8. Calquera outra que se estime conveniente a instrución do procedemento. No caso de que algúns documentos requiridos non poidan presentarse por impedimento legal ou administrativo, substituírase por unha declaración de compromiso/xurada.

9. Documento ou documentos acreditativos do número de membros da unidade familiar, tales como:

- Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do causante.
- Certificado ou volante de convivencia.
- Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do Concello de Covelo que acredite a situación familiar. A documentación que se achegue deberá ter validez no momento da presentación da solicitude.

AUTORIZO A ADMINISTRACIÓN A COMPROBAR NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES	SI ☐	NON ☐
Asinado: Pai, Nai, Titor/a	A CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN:	
	Empadroadado/a	
	Non empadroadado/a	
Covelo, a de 2025		

SR.ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE COVELO



Concello de Covelo

ANEXO II

COMPROMISO DE EMPADROAMENTO E DEVOLUCIÓN DA AXUDA POR INCUMPRIMENTO DALGÚN REQUISITO 2025

D/Dna.

Con DNI

Enderezo

COMPROMÉTOME:

- ✓ A seguir empadroadado e con residencia efectiva, tanto eu como a miña filla ou fillo, no concello de Covelo por un período mínimo de dous anos.
- ✓ Á devolución desta axuda en caso de incumprirse algún dos requisitos esixidos para a súa concesión.

Covelo, a de 2025.

Asinado: Pai, Nai, Titor/a

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE COVELO



Concello de Covelo

ANEXO III

DECLARACIÓNS REALIZADAS POLAS PERSOAS REPRESENTANTES

D/Dna.

Con DNI

como representante de

DECLARA:

1. Que estou ó corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
2. Que non estou incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de subvencións conforme o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e que coñezo e acepto as bases da convocatoria.

Covelo, a

de

2025.

Asinado: Pai, Nai, Titor/a

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE COVELO

